



Proxecto de Decreto..... / 201....., do de polo que se crea e se regula o Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA)

O Real Decreto 396/2006 do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, establece no seu artigo 16, relativo á vixilancia da saúde dos traballadores, que o empresario garantirá unha vixilancia axeitada e específica da saúde dos/as traballadores/as en relación cos riscos por exposición ao amianto; asemade, no seu artigo 18, polo que se regulan os Rexistros de datos e arquivo de documentación, establece que esta vixilancia da saúde debe ser documentada mediante fichas para o rexistro de datos sobre a vixilancia sanitaria específica da poboación traballadora, de conformidade co disposto no anexo V de dito real decreto, así como que as ditas fichas deberán ser remitidas polo médico responsable da vixilancia sanitaria á autoridade sanitaria do lugar onde a empresa estea rexistrada antes do final de cada ano.

No artigo 16, apartado 1, letra b), este Real decreto 396/2006 de 31 de marzo, especifica que o traballador que estea ou teña estado exposto ao amianto na empresa, someterase a recoñecementos médicos periódicos, do cal dedúcese que o facultativo do servizo de prevención da empresa onde tivo lugar a exposición debe vixiar a saúde do colectivo traballador que tendo traballado co amianto xa non o faga na actualidade.

No artigo 16.3 da mesma norma legal, ordena que, tendo en conta o longo período de latencia das manifestacións patolóxicas por exposición ao amianto, todo/a traballador/a con antecedentes de dito tipo de exposición que cese na relación de traballo na empresa na que se produzo a situación de exposición, seguirá sometido/a a control médico-preventivo a través do Sistema Nacional de Saúde. No caso de Galicia, o Servizo Galego de Saúde, que xa ten implantado un programa de vixilancia da saúde de postexpostos/as ao amianto dende o ano 2001.

Seguindo co Real decreto 396/2006, de 31 de marzo, o seu artigo 19 expresa que o tratamento automatizado dos datos rexistrados ou almacenados en virtude do previsto nese real decreto, só poderá realizarse nos termos contemplados na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En relación a isto, en virtude do Decreto 177/1998, de 11 de xuño, creouse a Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública, coa finalidade de identificar e caracterizar problemas de saúde na poboación galega, para facilitar o seu control, xa sexa con medidas individuais ou colectivas. Formando parte de dita rede creouse o sistema específico de vixilancia, cuxo contido se regula no artigo 4 letra b de dito Decreto. Dentro deste apartado b, no punto 7 se especifica que este sistema de vixilancia estará integrado por ,”calquera outro rexistro que a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais considere



necesario para caracterizar ou controlar un problema de saúde”. Ao amparo de dito apartado crease o Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (en diante REGELA), que polo tanto, forma parte da Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública.

Co fin de dar cumprimento á normativa vixente de protección de datos, a través da Orde de 14 de xuño de 2007, pola que se crean determinados ficheiros automatizados de datos de carácter persoal na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde, creouse o ficheiro denominado Sistema de información e vixilancia de problemas de saúde pública, no que se incluírá o REGELA creado polo presente decreto, cuxa finalidade é coñecer e xestionar os datos de carácter persoal, sanitario e laboral da poboación exposta e postexposta laboralmente a fibras de amianto ou de materiais que o conteñan.

En relación a este tema, o Programa Integral de Vixilancia da Saúde dos Traballadores que estiveron expostos ao amianto (en adiante PIVISTEA), aprobado pola Comisión de Saúde Pública o 12 de decembro de 2002, pola Comisión Nacional de Saúde no Trballo o 29 de xaneiro de 2003 e polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud o 26 febreiro 2003 é un programa acordado entre o Ministerio de Sanidade Servicios Sociales e Igualdad e as Comunidades Autónomas, que recolle entre as súas estratexias a elaboración dun Rexistro de persoal laboral exposto e postexposto ao amianto.

Na sociedade galega existe no momento actual unha poboación traballadora exposta laboralmente ao amianto en empresas rexistradas en Galicia no Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA), este colectivo constitúe as persoas “expostas”. Ademais, hai outra poboación tamén traballadora actualmente que estivo exposta ao amianto no pasado, en empresas rexistradas entón no RERA, son as persoas “postexpostas activas”. Por último, existe outra poboación que xa non traballa, que ten a súa residencia actual en Galicia e que estivo exposta ao amianto en empresas galegas ou de fóra da comunidade; dita poboación está incluída no suposto do parágrafo 3 do artigo 16 do Real decreto 396/2006 de 31 de marzo, serán as “postexpostas inactivas”.

En relación con todo isto, a función da Administración Sanitaria será a de constatar que as medidas de prevención actuais fronte á exposición laboral ao amianto están sendo eficaces e non danan á saúde do colectivo traballador. Para iso, a Administración debe ter identificados aos colectivos mencionados con anterioridade, para constatar o seu seguimento médico e facilitarlles as prestacións non só sanitarias senón tamén as médico legais ás que teñen dereito. Polo anterior se precisa un rexistro eficaz para coordinar e integrar os datos existentes, e poder utilizar de forma áxil esta información en beneficio da protección da saúde de todos/a eles/as.



Co fin de facilitar o labor de vixilancia da saúde dos médicos dos servizos de prevención responsables da vixilancia sanitaria a presente norma permitirá que a administración sanitaria galega facilite aos profesionais encargados de dita vixilancia o acceso aos datos das historias laborais de anteriores vixilancias, en relación á exposición ao amianto, previo consentimento expreso do traballador para compartir estes datos.

Tamén inclúese unha remisión de datos por parte dos médicos responsables da vixilancia da saúde destes colectivos a pesar de que a súa empresa non estea inscrita actualmente no RERA, para así poder coñecer se a vixilancia se fai de forma axeitada e ter datos para a inscrición no rexistro. Neste caso non se preveu un intercambio de datos.

En todo caso, tendo en conta a natureza dos datos que serán obxecto de rexistro no REGELA, a regulación e posterior funcionamento deste sistema, deberá respectar o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que atinxe ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na restante normativa de aplicación nesta materia

Tamén, en cumprimento do disposto no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, na Directiva de Servizos e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, se facilita a tramitación dos procedementos regulados neste decreto por medios telemáticos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

O artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior e que poderá organizar e administrar, para tales fins e dentro do seu territorio, todos os servizos relacionados coa materia expresada.

O presente decreto estrutúrase en vinte artigos, divididos en catro capítulos.

O capítulo I, relativo ás disposicións xerais, regula o obxecto e o ámbito de aplicación da norma, que comprende as persoas expostas laboralmente en Galicia e as postexpostas con residencia en Galicia ao amianto. Tamén forman parte do capítulo I as finalidades do rexistro.

O capítulo II recolle a regulación dos procedementos de notificación á Autoridade sanitaria das Fichas de Vixilancia da Saúde das persoas expostas ao amianto, no seu artigo 4, no 5 a notificación á Autoridade



sanitaria dos datos de vixilancia da saúde das persoas postexpostas activas na mesma empresa, e no 6 a Notificación á Autoridade sanitaria das persoas expostas ou postexpostas que cesan na súa relación laboral coa empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto, e o 7 de Solicitud de alta/modificación no Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA), así como os documentos necesarios para estes procedementos, as formas de notificación e os trámites administrativos posteriores e as alteracións ou falsidades dos datos declarados.

O capítulo III, está integramente adicado ao REGELA.

O capítulo IV contén o réxime sancionador.

O texto complétase con unha disposición transitoria acerca da inclusión de oficio no REGELA dos postexpostos inactivos vixiados no Servizo galego de Saúde, unha adicional de actualización de modelos normalizados e dúas disposicións derradeiras, relativas ao desenvolvemento e aplicación e á entrada en vigor do decreto, respectivamente.

Tamén forman parte integrante da disposición normativa un total de cinco anexos.

O anexo I contén a estrutura do Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA)

O anexo II contén o modelo de Notificación á Autoridade sanitaria das persoas expostas ou postexpostas que cesan na súa relación laboral coa empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto.

O anexo III contén o modelo de notificación de terceiras persoas interesadas en relación á Notificación á Autoridade sanitaria das persoas expostas ou postexpostas que cesan na súa relación laboral coa empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto,

Finalmente, O anexo IV describe o contido do ficheiro correspondente ao Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA)

O presente decreto tramitouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, sendo exposto a información pública no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia e sometido a audiencia dos grupos ou sectores con dereitos e intereses lexítimos na materia; asemade, foi sometido a informe económico-financeiro da consellería competente en materia de facenda, informe sobre impacto de xénero,



informe conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e Axencia para a Modernización Tecnolóxica e informes do Instituto Galego de Estatística, do Consello Galego de Relacións Laborais, do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e da Asesoría Xurídica Xeral.

Así mesmo, o texto do decreto se adecúa aos principios de boa regulación descritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, de acordo co/oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día.....

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Este decreto ten por obxecto a creación e regulación do Rexistro galego de exposición laboral ao amianto (REGELA).

2. Esta norma regulará os procedementos:

SA xxxxxx Notificación á Autoridade sanitaria das Fichas de Vixilancia da Saúde das persoas expostas ao amianto.

SA xxxxxx Notificación á Autoridade sanitaria dos datos de vixilancia da saúde das persoas postexpostas activas na mesma empresa, en base ó establecido no presente decreto.

SA xxxxxx Notificación á Autoridade sanitaria das persoas expostas ou postexpostas que cesan na súa relación laboral coa empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto.

SA xxxxxx Solicitud de alta/modificación no Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA)

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Serán obxecto de rexistro no REGELA as persoas que se atopen nos seguintes supostos:

a) Persoas “expostas”: aquelas persoas traballadoras con exposición laboral ao amianto en Galicia no momento actual, independentemente do seu lugar de residencia.



b) Persoas “Postexpostas activas na mesma empresa”: aquelas persoas traballadoras con exposición laboral ao amianto en algún momento da súa vida laboral, non estando expostos na actualidade, que sigan vinculados laboralmente á mesma empresa na que tivo lugar a exposición e residan na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Persoas “Postexpostas activas en distinta empresa”: aquelas persoas traballadoras con exposición laboral ao amianto en algún momento da súa vida laboral, non estando expostos na actualidade, vinculados laboralmente a unha empresa distinta á que tivo lugar a exposición e residan na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Persoas “Postexpostas inactivas”: aquelas persoas traballadoras con exposición laboral ao amianto en algún momento, que se atopen en situación de cese na actividade laboral e residan na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As persoas postexpostas que non traballaran en empresas inscritas no RERA, serán incluídas no rexistro, sempre que aporten as probas documentais axeitadas e suficientes que acrediten a súa exposición laboral a fibras de amianto ou de materiais que o conteñan e teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3 *Finalidade e usos do Rexistro*

1. A finalidade do REGELA será coñecer e xestionar os datos de carácter sanitario e laboral da poboación incluída no ámbito de aplicación deste decreto, co fin de:

- a) Arquivar e xestionar a documentación relativa ás fichas de vixilancia da saúde e do anexo V do Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con riscos de exposición ao amianto remitidas polos Servizos de Prevención á autoridade sanitaria.
- b) Facer seguimento da vixilancia da saúde realizada polos servizos de prevención acreditados, a fin de facilitar a información necesaria á autoridade sanitaria competente.
- c) Realizar a avaliación dos programas de vixilancia da saúde da poboación exposta e postexposta ao amianto.
- d) Propiciar o acceso dos médicos do traballo encargados da vixilancia da saúde deste colectivo á información que poida resultar de utilidade para facilitarlle a súa labor de vixilancia.
- e) Aportar base documental para establecer mapas de risco laboral e estudos epidemiolóxicos en relación a exposición ao amianto, en colaboración co organismo competente en materia de prevención de riscos laborais, para difundir dita información á poboación e aos profesionais implicados.



- f) Intercambiar información con outros rexistros de similares características para avaliar mellor os programas de vixilancia, cotexar os datos e detectar posibles desviacións.
- g) Comparar os resultados estatísticos desta vixilancia da saúde en Galicia coas doutras Comunidades Autónomas e doutros países.
- h) Facilitar o acceso da poboación afectada aos exames de saúde postocupacionais.
- i) Axudar ao recoñecemento médico-legal das enfermidades profesionais derivadas da exposición ao amianto.

2. Serán datos anonimizados os utilizados para os apartados; e) e g)

CAPÍTULO II

Procedementos ligados á notificación de datos ó REGELA

Artigo 4. Notificación á autoridade sanitaria das fichas de vixilancia da saúde das persoas expostas ao amianto

1. O persoal sanitario dos servizos de prevención, responsable da vixilancia da saúde daquelas persoas traballadoras que, independentemente do seu lugar de residencia, presentan exposición laboral ao amianto en Galicia, debe notificar á autoridade sanitaria os datos relativos a dita vixilancia. Para elo, debe estar dado de alta como médico do traballo nun servizo de prevención autorizado como centro sanitario no Rexistro de Centros e establecementos sanitarios de Galicia (en adiante REXCE). A estes efectos, de conformidade co apartado 3 do artigo 18 do Real decreto 396/2006, de 31 de marzo, este persoal deberá remitir á autoridade sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia o Anexo V do citado real decreto debidamente cumprimentado.

Estes datos remitiranse cada vez que se realice a vixilancia da saúde, ven sexa periodicamente ou no caso de cambio das circunstancias laborais ou de saúde da persoa traballadora, sempre antes de que finalice o ano, e ata que a persoa traballadora deixe de ter relación laboral coa empresa.

2. A notificación das fichas de vixilancia da saúde levada a cabo por un médico/a do traballo habilitado segundo o establecido punto 1 do presente artigo, previo consentimento expreso da persoa traballadora que o/a médico/a encargarse de solicitar, permitiralle a este ter acceso ós datos históricos de vixilancia da saúde que se atopen rexistrados no REGELA en relación coa exposición ó amianto desa persoa traballadora.



3. A remisión dos datos de vixilancia farase por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. segundo a instrución (<http://www.sergas.es>.) de (Saúde pública, vixilancia da saúde laboral, amianto, vixilancia da saúde exposto) que se habilitará cun acceso restrinxido aos/ás médicos/as do traballo dos servizos de prevención autorizados no REXCE.

Para dita remisión poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 5 Notificación á autoridade sanitaria das fichas ou datos de vixilancia da saúde das persoas postexpostas ao amianto activas na mesma empresa

1. O persoal sanitario dos servizos de prevención, responsable da vixilancia da saúde daquelas persoas traballadoras que tivesen exposición laboral ao amianto en algún momento da súa vida laboral, non estando expostos na actualidade, que sigan vinculados laboralmente á mesma empresa na que tivo lugar a exposición e residan na Comunidade Autónoma de Galicia, debe notificar á autoridade sanitaria os datos relativos a dita vixilancia. Para elo, debe estar dado de alta como médico do traballo nun servizo de prevención autorizado como centro sanitario no Rexistro de Centros e establecementos sanitarios de Galicia (en adiante REXCE).

A estes efectos, no caso de empresas inscritas no RERA, de conformidade co apartado 3 do artigo 18 do Real decreto 396/2006, de 31 de marzo, este persoal deberá remitir á autoridade sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia o Anexo V do citado real decreto debidamente cumprimentado. No caso de empresas que non teñan a obriga de estar inscritas no RERA, están obrigados a remitir os datos da vixilancia da saúde das persoas postexpostas activas na mesma empresa que serán os que correspondan aos contidos na estrutura básica do rexistro do anexo I deste decreto.

Estes datos remitiranse cada vez que se realice a vixilancia da saúde, ven sexa periodicamente ou no caso de cambio das circunstancias laborais ou de saúde da persoa traballadora, sempre antes de que finalice o ano, e ata que a persoa traballadora deixe de ter relación laboral coa empresa.

2. A notificación dos datos de vixilancia da saúde levada a cabo por un médico/a do traballo habilitado segundo o establecido punto 1 do presente artigo, previo consentimento expreso da persoa traballadora que o/a médico/a encargarse de solicitar, permitiralle a este ter acceso ós datos históricos de vixilancia da saúde que se atopen rexistrados no REGELA en relación coa exposición ó amianto desa persoa traballadora.



3. A remisión dos datos de vixilancia farase por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. segundo a instrución (<http://www.sergas.es>.) de (Saúde pública, vixilancia da saúde laboral, amianto, vixilancia da saúde postexposto activo) que se habilitará cun acceso restrinxido aos/ás médicos/as do traballo dos servizos de prevención autorizados no REXCE.

Para dita remisión poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 6. Notificación á autoridade sanitaria das persoas traballadoras que cesan na súa relación de traballo coa empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto

1. Cando unha persoa exposta ó amianto ou postexposta activa cesa a súa relación laboral coa empresa na que tivo lugar dita exposición, o responsable ou persoa titular da empresa deberá notificar ao órgano competente en materia de saúde pública da Comunidade Autónoma de Galicia, o cese desa persoa como traballador/a da empresa, todo elo cun mínimo dun mes de demora desde o momento de producirse dito cese.

2. A dita notificación presentaranse segundo os modelos normalizados incluídos como anexos II e III deste decreto, por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das declaracións poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 7. Solicitud de alta ou modificación no Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA)

1. As persoas que, tendo a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia, estivesen expostas ó amianto en algún momento da súa vida laboral e non se atopen inscritas no REGELA, poderán presentar unha solicitude de alta no dito rexistro. Tamén poderán facelo aquelas persoas que, estando inscritas no mesmo, queiran modificar a súa inscrición. Para elo, deberán aportar toda aquela documentación que sexa



necesaria para acreditar a modificación que soliciten segundo o modelo normalizado incluído como Anexo IV deste decreto.

As solicitudes poderán presentarse na mesma forma e condición que se especifica no apartado 2 do artigo 6, excepto que por tratarse de persoas físicas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Dentro deste suposto poden atoparse persoas que tiveron a exposición en empresas con razón social fora da Comunidade Autónoma de Galicia, pero que ó rematar a súa relación laboral na empresa onde tivo lugar a exposición, teñen a súa residencia en Galicia. A vixilancia da saúde de ditas persoas corresponde ó Sistema Nacional de Saúde, no caso de Galicia ó Servizo Galego de Saúde, e polo tanto deben solicitar o alta no REGELA polo procedemento descrito neste artigo.

Artigo 8. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación dos distintos procedementos*

1. As persoas responsable da notificación nos supostos previstos nos artigos 6 e 7 deberán achegar a documentación que se establece no presente artigo.

1.1 Xunto coa notificación das persoas que cesan na súa relación de traballo na empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto (anexo II), incorporárase a seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da representación, no seu caso
- b) No caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica, copia certificada da súa constitución e certificación da súa inscrición no Rexistro Mercantil, de selo caso.
- c) Anexo III comprobación de datos a terceiras persoas interesadas

1.2 Xunto coa solicitude de alta/modificación no REGELA, (anexo IV), presentarase:

No caso de solicitude de alta no REGELA:

- a) Documento acreditativo da representación, no seu caso
- b) Xustificante de ter realizado algunha das actividades reflectidas *no Real decreto 1299/2006, de 10 de novembro polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro*, en relación coa exposición ao amianto, ou algunha das actividades do ámbito de aplicación do Real decreto 396/2006, de 31 de marzo.



- c) De ser o caso, xustificante de padecer enfermidades relacionadas co amianto emitido po un servizo sanitario diferente do servizo galego de saúde..
- d) Calquera outra documentación que xustifique a súa inclusión no REGELA.

No caso de modificación do rexistro do REGELA

a) Xustificante que motive a modificación

1.3 Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

1.4 A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da notificación/solicitud. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

1.5 Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da notificación/solicitud deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da notificación/solicitud e o número de expediente se se dispón del.

1.6 No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos



establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Comprobación de datos.

2.1. Para a tramitación dos procedementos regulados neste decreto consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos:

2.2 Para a notificación das persoas que cesan na súa relación de traballo na empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto (anexo II) :

- NIF da empresa
- DNI/NIE da persoa comunicante
- DNI/NIE da persoa representante

2.3 Para a solicitude de alta/modificación no REGELA, (anexo IV) :

- DNI/NIE da persoa solicitante
- DNI/NIE da persoa representante
- Número de afiliación á seguridade social da persoa solicitante
- Empadramento en Galicia da persoa solicitante

Requirirán autorización expresa por parte do solicitante a comprobación de:

- Vida laboral da persoa solicitante
- Historia clínica do Servizo Galego de Saúde da persoa solicitante.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e



comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na notificación/solicitud. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, o órgano con competencias en saúde pública practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de notificacións /solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Alteración ou falsidade dos datos declarados

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á notificación/solicitud, ou a non presentación a Administración competente



da notificación/solicitud, determinará as responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

CAPÍTULO III

Funcionamento do rexistro

Artigo 12. *Criterios de Inscripción no Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto*

1. No Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA) asentaranse os datos remitidos a través dos procedementos regulados neste decreto e aqueles xa existentes nas Administracións sanitarias competentes en saúde laboral e servizos asistenciais, en relación coa exposición ó amianto das persoas incluídas no ámbito de aplicación establecido no artigo 2º.

2. En relación coa notificación dos datos de vixilancia da saúde dunha persoa exposta ou postexposta activa ao amianto, procederase do seguinte xeito:

a) Se a vixilancia da saúde é INICIAL, sen data de inicio de exposición, enténdese que ese traballador aínda non tivo exposición ao amianto e, polo tanto, non se incluírá no REGELA ata que se dé algún dos seguintes supostos:

- Exista notificación de datos correspondentes a unha vixilancia da saúde con clasificación de periódica e, polo tanto, con data de inicio de exposición

- Unha solicitude de inscrición no REGELA por parte da persoa traballadora debidamente presentada e con resolución de inscrición unha vez aceptada.

b) Se a persoa estivera exposta actualmente, e polo tanto a súa vixilancia fose clasificada polo/a médico/a do servizo de prevención como periódica, pasará a formar parte do REGELA, na categoría de persoas “expostas”

c) No caso de que a exposición tivese lugar no pasado e nesa mesma empresa, independentemente da inscrición actual no RERA, a vixilancia da saúde será clasificada como postexposta, e polo tanto o médico responsable da mesma deberá remitila cunha data de fin de exposición. Estas persoas incluíranse como “Postexpostas activas” sempre que residan en Galicia.

3. Cando a empresa responsable notifique segundo modelo normalizado de anexo II deste decreto, as persoas que cesan na súa relación laboral con esa empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto, pode suceder que :



a) As persoas teñan a súa residencia en Galicia, entón serán incluídas no REGELA como “Postexpostas inactivas” ou “postexpostas activas en distinta empresa”, segundo corresponda, e serán remitidas ao Servizo Galego de Saúde, para a continuación da vixilancia da súa saúde máis alá da súa vida laboral.

b) As persoas remitidas non teñan a súa residencia en Galicia, polo tanto non serán incluídas no REGELA e o seu expediente será remitido á autoridade sanitaria da Comunidade Autónoma correspondente segundo o seu lugar de residencia, ós efectos oportunos.

Nos supostos anteriores, cando a razón da baixa na empresa implica que pode volver a traballar nunha actividade con exposición ao amianto, a situación sinalada nos puntos anteriores e a vixilancia da súa saúde polo Servizo galego de Saúde só continuará ata que se teña constancia de que traballa nunha empresa onde o seu servizo de prevención ten a obriga de facerse cargo da vixilancia da súa saúde por existir de novo exposición ao amianto, como no caso dunha persoa exposta ou no caso dunha postexposta activa na mesma empresa.

Artigo 13. *Procedemento de baixa no rexistro*

O responsable do rexistro dará de baixa de oficio no REGELA aqueles falecidos a finais do ano no que se produzo o feito e cando se teña noticia de que unha persoa inscrita no REGELA cambie a súa residencia a fora de Galicia.

Artigo 14. *Número de asento da inscrición*

No momento da inscrición asignarase un número de asento formado por tres partes:

- dúas letras maiúsculas, unha letra minúscula e un dígito correspondentes á sección e subseccións;
- datos persoais coas iniciais e data de nacemento;
- e unha letra final “X”, de ser o caso

a) Dúas letras maiúsculas correspondentes as seccións:

(E) Expostas

(PE) Postexpostas

Dentro desta sección a subsección con unha letra minúscula:

(PEa) Postexpostas activas



(PEi) Postexpostas inactivas

Ademais subsubseccións caracterizando as anteriores cun dígito que corresponde a:

(PEa) Postexpostas activas

(PEa1) na mesma empresa

(PEa2) noutra empresa

(PEi) Postexpostas inactivas

(PEi1) Xubiladas

(PEi2) Desempregadas

(PEi3) Residencia nesta comunidade autónoma, exposición fora.

Seguido das iniciais en maiúsculas de 1º apelido 2º apelido e nome completo (no caso de apelidos con “de” este irá en minúscula) cunha barra diagonal e seguido do día en 2 díxitos, o mes en 2 díxitos e ano de nacemento en 4 díxitos.

No caso de persoal con residencia fora de Galicia e exposición nesta comunidade autónoma engadirase unha letra “X” ao final. (só poden ser os expostos)

Artigo 15. *Contido do rexistro*

Os contidos mínimos deste rexistro atópanse desenvolvidos nos Anexos I e V deste decreto

Artigo 16. *Responsable do rexistro*

A Consellería competente en materia de sanidade e dentro desta o órgano superior con competencias en materia de saúde pública, como órgano de adscrición, xestionará o REGELA e decidirá sobre as solicitudes de inscrición neste.

Artigo 17. *Obriga de subministrar datos*

O persoal sanitario dos servizos de prevención responsables da vixilancia da saúde das persoas incluídas no ámbito de aplicación do presente decreto, teñen a obriga de notificar os datos para completar este rexistro.

Así mesmo, os responsables das empresas que nalgún momento estiveron inscritas no RERA e teñan persoal que están incluídos/as nos suposto do parágrafo 3 do artigo 16 do Real decreto 396/2006 de 31 de



marzo, deberán comunicar as persoas que cesan na súa relación de traballo na empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto.

Artigo 18. Protección de datos

De conformidade coa normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos en aplicación deste decreto, cuxo tratamento e publicación se autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das notificacións e solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado “*Sistema de información e vixilancia de problemas de saúde pública*” creado por Orde do 14 de xuño do 2007 pola que se crean determinados ficheiros automatizados de datos de carácter persoal no Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Sanidade. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a dita consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo S. Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou comunicación por medios electrónicos.

Artigo 19. Cesión de datos

No suposto de cesión de datos, haberá que seguir o disposto na normativa vixente na materia.

Para dar cumprimento aos presentes procedementos, os devanditos datos poden ser obxecto de comunicación aos seguintes organismos:

- Ministerio con competencias en materia de sanidade.
- Organismos do sistema sanitario.
- Organismos oficiais estatísticos.
- Organismos oficiais con competencias en saúde laboral.
- Persoal sanitario cualificado para a realización da vixilancia da saúde nos centros autorizados.
- Rexistros de enfermidades que dependen de organismos públicos.

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 20. Infraccións e sancións

1. Ao incumprimento do previsto neste decreto será aplicable o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, podendo ser obxecto da sanción correspondente, logo da



instrución do oportuno procedemento, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou disciplinarias que puidesen concorrer.

2. Así mesmo, aplicarase o réxime de infraccións e sancións previsto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, para o caso de que no proceso de declaración e xestión do REGELA, se incorra en calquera dos supostos tipificados neste.

Disposición transitoria única. *Incorporación de datos do programa de vixilancia da saúde*

Os datos dos traballadores/as postexpostos/as inactivos/as que, á entrada en vigor do presente decreto estean integrados no programa de vixilancia da saúde do Servizo galego de Saúde por exposición laboral ao amianto incorporaranse de oficio no REGELA no prazo de 6 meses dende a entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional única. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,dede 201....



ANEXO I

ESTRUCTURA BÁSICA DO REXISTRO

Seccións e subseccións do rexistro

ALTA

Exposto

Postexposto

Activo

Na mesma empresa

Noutra empresa

Inactivo

Xubilado

Desempregado

Residencia nesta comunidade autónoma, exposición fora.

DE BAIXA

Falecidos

Cambio de residencia a outra CCAA

Baixa voluntaria

Datos identificativos

Nome completo e 2 apelidos

DNI/CIF/

Día, mes e ano de nacemento

Nº afiliación á seguridade social

Sexo (M: muller H: home)

Localidade de residencia (Concello)

Provincia

Comunidade autónoma

Datos laborais

Datos das empresas nas que traballou ou traballa nas que estivo exposto ao amianto:

Nome da empresa

CIF da empresa

RERA nº

Localidade da razón social da empresa (Concello/Provincia)

Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE – 2009, a 4 díxitos)

Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO-2011, a 4 díxitos)

Ano de inicio da actividade do/a traballador/a na empresa: 4 díxitos

Ano de inicio da exposición ao amianto na empresa: 4 díxitos



Ano de fin da exposición ao amianto na empresa: 4 díxitos

Ano de fin da actividade do/a traballador/a na empresa: 4 díxitos

Causas da desvinculación profesional: (xubilación, cambio de empresa, desemprego, calquera outra causa)

Datos de saúde

Vixilancia sanitaria polo sergas

SI

Data de alta en vixilancia/...../.....

NON

Achados patolóxicos en relación co amianto:

Sen achados patolóxicos

Con achados patolóxicos

Asbestose

Fibrose pleural difusa con repercusión funcional

Derrame pleural benigno

Atelectasia redonda

Placas de fibrose pleural

Neoplasias

Mesotelioma pleural

Mesotelioma peritoneal

Neoplasia de pulmón

Neoplasia de larínxe

Neoplasia esofáxica

Outras

Declaración de enfermidade profesional en relación co amianto e código:

SI código da enfermidade..... data de declaración...../...../.....

NON

Sospeita de enfermidade profesional remitida

SI data...../...../.....Remitida por.....

NON



ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
NOTIFICACIÓN DAS PERSOAS QUE CESAN NA SÚA RELACIÓN DE TRABALLO NA EMPRESA ONDE TIVO LUGAR A EXPOSICIÓN AO AMIANTO	SAxxxxxx	NOTIFICACIÓN

DATOS DA EMPRESA COMUNICANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a:		• Empresa comunicante		• Persoa representante			
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:							
TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO			
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
• Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
• Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		

A EMPRESA NOTIFICANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.
2. Que a documentación aportada é veraz e cumpre cos requisitos solicitados.
3. Que dispón e comprométese a facilitar á Administración a documentación que así o acredita.
4. A persoa titular ou representante comprométese a comunicar calquera variación da documentación declarada, así como calquera incidencia que puidese afectar á súa petición.



DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE	ÓRGANO	COD.PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo da representación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> No caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica, copia certificada da súa constitución e certificación da súa inscrición no Rexistro Mercantil, de selo caso.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Anexo III comprobación de datos de terceiras persoas interesadas			

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPOÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás Administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
NIF da empresa	0
DNI/NIE da persoa declarante	0
DNI/NIE da persoa representante	0

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Sanidade, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Sanidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun escrito ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo S. Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou comunicación electrónica.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Real Decreto 396/2006 de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos co risco de exposición ao amianto.
Decreto/201..., dode, de creación do Rexistro Galego de Exposición laboral ao amianto (REGELA)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

Dirección Xeral de Saúde Pública



ANEXO III

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

Notificación das persoas que cesan na súa na súa relación de traballo na empresa onde tivo lugar a exposición ao amianto


Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas . No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos relativos.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de terceiras persoas interesadas menores de idade o presente documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.

NOME E APELIDOS	Nº afiliación á seguridade social	NIF	DNI/NIE	Vida laboral	Causa fin relación empresa	SINATURA
			OPÓÑOME Á CONSULTA	CONSENTIMENTO EXPRESO	OPÓÑOME Á CONSULTA	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	
			o	o Si o Non	o	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Sanidade, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Sanidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo S. Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou comunicación electrónica.



Lugar e data									
	,	de		de					



ANEXO IV

PROCEDEMENTO	CÓDIGO PROCEDEMENTO	DO	DOCUMENTO
SOLICITUDE ALTA/MODIFICACIÓN NO REGISTRO GALEGO DE EXPOSICIÓN LABORAL AO AMIANTO (REGELA)	SAxxxxxx		SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Notifíquese a:						
<input type="checkbox"/> Persoa solicitante			<input type="checkbox"/> Persoa representante			
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:						
TELÉFONO MÓBIL			CORREO ELECTRÓNICO			
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE						
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.						
● Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.						
● Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)						
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.						
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO	LOCALIDADE		

TIPO DE SOLICITUDE AO REGELA	
O Alta no REGELA	
O Modificación de datos da alta no REGELA	de data



A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.
2. Que a documentación aportada é veraz e cumpre cos requisitos solicitados.
3. Que dispón e comprométese a facilitar á Administración a documentación que así o acredita.
4. A persoa titular ou representante comprométese a comunicar calquera variación da documentación declarada, así como calquera incidencia que puidese afectar á súa petición.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE	ÓRGANO	COD.PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo da representación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Xustificante de ter realizado algunha das actividades reflectidas no Real decreto 1299/2006, de 10 de novembro polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social e se establecen os criterios para a súa notificación e rexistro, en relación coa exposición ao amianto, ou algunha das actividades do ámbito de aplicación do Rd 396/2006, de 31 de marzo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> De ser o caso xustificante dun servizo sanitario diferente do galego de saúde de padecer enfermidades relacionadas co amianto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Calquera outra documentación que xustifique a súa inclusión no REGELA.			
<input type="checkbox"/> No caso de modificación do rexistro do REGELA. Xustificante de dita modificación			

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPOÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás Administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
DNI/NIE da persoa solicitante	O
DNI/NIE da persoa representante	O
Nº afiliación á seguridade social da persoa solicitante	O
Empadramento en Galicia da persoa solicitante	O

COMPROBACIÓN DE DATOS con consentimento expreso	CONSENTIMENTO
Vida laboral da persoa solicitante	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non
Historia clínica do Servizo galego de saúde da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Sanidade, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Sanidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun escrito ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo S. Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela ou comunicación electrónica.

Autorizo a cesión dos meus datos a:

- Ministerio con competencias en Sanidade.
- Organismos do sistema sanitario.
- Organismos oficiais estatísticos.
- Organismos oficiais con competencias en saúde laboral.
- Persoal sanitario cualificado para a realización da vixilancia da saúde nos centros autorizados.
- Rexistros de enfermidades que dependen de organismos públicos

coas finalidades descritas no artigo 3.

Sí Non

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto 396/2006 de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos co risco de exposición ao amianto.

Decreto/2016, dode, de creación do Rexistro Galego de Exposición laboral ao amianto (REGELA)

SINATURA DA PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data



ANEXO V

Rexistro Galego de Exposición laboral ao Amianto (REGELA)

Nome e descrición do ficheiro	Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto (REGELA)
Finalidade	Coñecer e xestionar os datos de carácter persoal, sanitario e laboral da poboación incluída no ámbito de aplicación deste decreto.
Usos previsto	<p>a) Arquivar e xestionar a documentación relativa ás fichas de vixilancia da saúde do anexo V do Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo, remitidas á autoridade sanitaria.</p> <p>b) Estudar a incidencia das enfermidades laborais relacionadas coa exposición ao amianto e a súa tendencia, catalogadas por grupos de idade, sexo e área xeográfica.</p> <p>c) Comprobar a calidade / contido da vixilancia da saúde realizada polos servizos de prevención acreditados, a fin de facilitar a información necesaria á autoridade sanitaria responsable da súa adecuación e da avaliación da atención sanitaria, así como, para a difusión da información relevante entre os profesionais e a poboación en xeral. Tratamento estatístico e análise epidemiolóxicos.</p> <p>d) Unificar os datos entre expostos/as e postexpostos/as ao amianto.</p> <p>e) Establecer mapas de risco laboral e estudos epidemiolóxicos en relación a esta exposición, en colaboración co organismo competente en materia de prevención de riscos laborais (ISSGA), e difundir a información relevante sobre os mapas de risco e estudos epidemiolóxicos á poboación.</p> <p>f) Realizar a avaliación dos programas de vixilancia da saúde da poboación exposta e postexposta.</p> <p>g) Facilitar o acceso da poboación afectada aos exames de saúde postocupacionais.</p> <p>h) Comparar os resultados estatísticos desta vixilancia da saúde en Galicia coas doutras Comunidades Autónomas e doutros países.</p> <p>i) Intercambiar información con outros rexistros de similares características.</p> <p>j) Establecer medidas de coordinación co Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA),</p> <p>k) Axudar ao recoñecemento médico-legal das enfermidades profesionais derivadas da exposición ao amianto.</p>
Órgano responsable do ficheiro	A Consellería competente en materia de sanidade e dentro desta o órgano superior con competencias en materia de saúde pública
Persoas e colectivos sobre os que se pretenden obter datos	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores/as expostos/as ao amianto nalgún momento da súa vida laboral en empresas rexistradas no RERA de Galicia. • Representantes dos traballadores expostos . • Traballadores/as que teñen a súa residencia actual en Galicia e que estiveron expostos/as anteriormente, e están incluídos nos suposto do parágrafo 3 do artigo 16 do Real decreto 396/2006 de 31 de marzo. • -O persoal sanitario dos servizos de prevención responsables da vixilancia da saúde do colectivo exposto ao amianto das empresas inscritas no RERA nalgún momento. • Empresas que nalgún momento estiveron inscritas no RERA e teñan persoal que están incluídos/as nos suposto do parágrafo 3 do artigo 16 do Real decreto 396/2006 de 31 de marzo. • Unidades do servizo galego de saúde que xestionen ou participen no programa galego de vixilancia da saúde dos/as postexpostos/as ao amianto.
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	A Consellería competente en materia de sanidade



Nivel do ficheiro	Alto
Procedencia e procedemento de recollida de datos	<ul style="list-style-type: none">• Presentación dos anexos deste decreto electronicamente e en papel• Anexo V do Rd 396/2006, de 31 de marzo• Ficheiros de datos do Servizo Galego de Saúde• Ficheiros de datos da Dirección Xeral de Saúde Pública• Ficheiros de datos das administracións con competencias en saúde laboral
Tipos de datos de carácter persoal (Categorías de datos)	Datos de carácter identificativo das persoas expostas, postexpostas activas e inactivas ao amianto, laborais e de saúde.
Encargado do tratamento	A Consellería competente en materia de sanidade
Sistema de tratamento	Mixto electrónico e papel
Comunicacións e cesións de datos	<ul style="list-style-type: none">• Ministerio con competencias en Sanidade.• Organismos do sistema sanitario.• Organismos oficiais estatísticos.• Organismos oficiais con competencias en saúde laboral.• Persoal sanitario cualificado para a realización da vixilancia da saúde nos centros autorizados.• Rexistros de enfermidades que dependen de organismos públicos
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non previstas